



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Muros e Noia. Municipio: Muros. Parroquias: Santo Estevo de Abelleira na maior parte da unidade, ao oeste; Santiago de Tal, ao sudoeste, e Santa Mariña de Esteiro ao sur. Extensión: 4,93 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

A liña costeira desta unidade presenta unha morfloxía cóncava, comprendendo o conxunto da Enseada de Bornalles, incluído o saliente rochoso de Punta Abelleira, que a divide en dous sectores. A alternancia entre a litoloxía granítica e metamórfica explican en parte, esta disposición. No fondo da enseada, a chaira costeira é inundada polo mar e pola confluencia dos ríos da cunca hidrográfica desta unidade, formando un característico esteiro. Pequenas aliñacións montañosas de disposición NE.-SO. e N.-S., pechan esta unidade, que tan só se prolonga seguindo o val do río Rateira cara ao noroeste.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade incluída completamente no Dominio herciniano, aflorando un granito de dúas micas de gran medio a grosso con orientación por deformación, coñecido como Tipo Barbanza. Non obstante, son numerosos os enclaves de xistos con niveis de cuarcitas, en orientación NNO.-SSE., que pertencen ao Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas, Grupo de Laxe, de idade precámbrico-silúrica. Estes aparecen na parroquia de San Estevo de Abelleira -na chaira costeira e ladeiras próximas-, nas vertentes ao norte de Bornalle e nas ladeiras setentrionais do monte O Trevisón -sueste da unidade-. O cuaternario ten certa importancia debido ás praias, dunas e depósitos aluviais, centrados estes nos vales baixos dos arrosos San Lourenzo e Barranqueira da Covela.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Enseada con temperatura media anual que supera os 15° C e precipitacións medias acumuladas de 1200 mm a 1400 mm. A oscilación térmica alcanza valores medios entre 12,5°C e 13,5°C. Polo tanto o ambiente climático é Cálido e Húmido cunha variante Moi Húmida no extremo occidental da unidade, no Outeiro, onde se rexistran maiores precipitacións ata alcanzar os 1600 mm.

OS SOLOS

Fachada costeira con arenosoles álbicos e háplicos no contorno do complexo sedimentario da praia de Bornalle e tras el os incipientes solos costeiros asociados aos procesos de sedimentación fluvio-mariña do tipo fluvisol sálico e tiónico na desembocadura do Río da Rateira. Cara ao interior no fondo do val fluvial e nas ladeiras próximas de escasa pendente dominan os cambisoles dísticos. O empobrecemento dos soles faise patente na cabeceira da unidade, onde son máis frecuentes os umbrisoles dísticos e os esqueléticos regosoles, con intercalacións de leptosoles líticos.


AS AUGAS

Na Enseada de Bornalle, entre as praias de Bornalle e Liñares (20174), conflúen dous dos cursos fluviais que organizan a rede de drenaxe da unidade; trátase do río da Rateira, que ten como principal tributario o arroyo de San Lourenzo e o arroyo de Barquilla da Covela. Ademais destes dous, ao oeste, desembocando na praia de Ventín, destaca o arroyo das Covas; mentres que ao leste, entre as praias de Bornalle e Aldosón, cabe mencionar o arroyo Mondelo como principal colector.

O PATRIMONIO NATURAL

Esteiro con dominio dos hábitats 1110 e 1140, é dicir, bancos areosos e/ou lamacentos intermareais e submareais superficiais, ademais do ambiente 1210, vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados e pequenos sectores de marismas (grupo 13). As praias de maior dimensión teñen sector dunar no que desenvolven os hábitats do grupo 21, dunas marítimas atlánticas. O principal valor ecolóxico do interior son os bosques de ribeira (91 E 0), dos cursos fluviais, Rego da Rateira-Rego de San Lourenzo, e menos xa de Barranqueira da Covela e o Rego das Covas, en cuxo tramo final aparece unha masa de certa dimensión. Adquiren bastante dimensión nesta unidade, respecto a outras, as masas de frondosas de recolonización, por exemplo no Vilar e ao sur do Pazo. Algunhas poderían derivar de antigas carballeiras (9230) e soutos (9260). Nas partes altas, especialmente no Pedregal de Pando, esténdese o grupo de hábitats 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica acompañado polas Breixeiras secas europeas (4030).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Os usos predominantes veñen determinados pola configuración fisiográfica. Nas zonas montañosas ao fondo da unidade predomina a matogueira e a medida que descendemos domina a masa arborizada. Na chaira costeira desenvólvese un denso parcelario agrícola de pequenas explotacións relacionadas cos núcleos rurais existentes. Sobre a franxa costeira existen asentamentos máis recentes de uso residencial que se sitúan arredor das estradas principais. As praias de Bornalle, Abelleira e Adosén constitúen excelentes areas para o gozo das actividades turísticas e de ocio, creáronse zonas de espaxamento nas proximidades da praia de Abelleira. En Punta Abelleira figura unha antiga fábrica conserveira que reflicte a tradición marisqueira que se desenvolveu na comarca grazas aos profusos bancos marisqueiros na enseada de Bornalle.

MORFOLOXÍA

Os núcleos tradicionais de Rateira, Pazo, Priegue, Abelleira, Vilar e Bornalle, este último, clasificado como NIL, relaciónanse co cultivo agrícola en pequenos núcleos concentrados. De forma dispersa entre estes núcleos e a franxa costeira desenvólvense os asentamentos máis recentes, a rede viaria estrutura estes asentamentos sendo a estrada AC-550 o principal elemento aglutinante deste crecemento, algunhas naves industriais sitúanse entre as edificacións de uso residencial.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede viaria estrutúrase a partir da estrada AC-550, eixe principal que comunica as poboacións da comarca, a AC-5304 constitúe a segunda vía principal comunicando os núcleos situados máis ao norte. A partir destas dúas estradas existe unha maraña de vías que estruturan os diferentes núcleos e asentamentos así como accesos ás praias. Nas ladeiras montañosas destaca unha rede de pistas forestais que parten dende os núcleos rurais.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O patrimonio cultural constitúeno diferentes elementos da arquitectura tradicional civil e relixiosa, casas e cruceiros, conxuntos de hórreos, o pombal de Priegue, a ponte e a igrexa de Abelleira. Tamén figuran elementos patrimoniais da arquitectura industrial como a antiga depuradora de moluscos en Punta Abelleira e un antigo serradoiro hoxe en día restaurado, a caseta de pescadores contigua a este serradoiro reflicte o vínculo destes núcleos coa tradición mariñeira da comarca, non en van as festas populares son en honra á patroa dos mariñeiros o primeiro domingo de xullo. Respecto ao patrimonio arqueolóxico destaca a presenza de vestixios de asentamentos primitivos que deixaron a súa pegada como o petroglifo de Monte do Couto, a mámoa da Bouza da Grisa e o castro dos Castriños.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O carácter rural da unidade vén determinado pola súa relación co sector primario baseado na agricultura e na pesca. A súa estrutura actual vese influenciada polo interese turístico que ofrecen as súas praias e o valor natural do esteiro de Bornalle, así como a súa proximidade co núcleo urbano de Muros que xunto ao de Noia exerce de motor económico na comarca. Os novos asentamentos substitúen o uso das parcelas destinadas ao cultivo por vivendas que se dispersan buscando a accesibilidade e facilidade nos desprazamentos coa mellora da rede viaria co fin de satisfacer a demanda do sector turístico.

DINÁMICA DA PAISAXE**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN**VALORACIÓN DA PAISAXE**

Destaca nesta unidade a silueta marítima da enseada de Bornalle, cuxa fisiografía se ve dividida polo promontorio de Punta Abelleira. A formación da barreira natural formada polo fermoso areal de Bornalle sobre o propio esteiro intégrese na paisaxe aplanada da chaira costeira e a ruralidade incorporada polo fértil val de parcelas agrícolas regado polas cuncas fluviais que verten dende as ladeiras montañosas. Este harmonioso conxunto vese acompañado da tranquilidade do contorno e da beleza das súas praias que esconden bancos de gran riqueza en marisco da ría, as augas que bañan estas praias son tranquilas e cristalinas aptas para o baño e o gozo dunha paraxe natural de singular beleza. O potencial ecolóxico da unidade vén determinado principalmente pola presenza de bancos areosos e lamacentos intermareais. As praias de maior dimensión teñen un sector dunar. O principal valor ecolóxico do interior son os bosques de ribeira dos cursos fluviais principais. Os diferentes elementos patrimoniais son o reflexo da tradición popular na comarca, así se mostra nos elementos construtivos típicos do rural como hórreos, pombais ou da arquitectura industrial tradicional. Os asentamentos primitivos manteñen a súa pegada viva grazas aos vestixios deixados en forma de petroglifos, mámoas ou castros. As panorámicas son amplas e claras dende o litoral, o areal da praia de Bornalle ofrece unha ampla visual dos elementos de maior significado visual na unidade con primeiros planos da paisaxe humana no interior e do ámbito natural da enseada de Bornalle.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos











Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



